



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504900B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2017/G003/000046

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** BASES CONVOCATORIA CONTRATACIÓN SOCORRISTAS 2017

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000046

### ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o 61.1 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Vista a necesidade de contratar dous/dúas socorristas para cubrir o servizo de vixilancia e salvamento nas piscinas municipais sitas neste concello, na parroquia de Xanceda, necesidade xa prevista no orzamento municipal para o exercicio 2017, e visto o informe do secretario - interventor referido á presente contratación, desta mesma data, incorporado ao expediente.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. En base aos artigos 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ao Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Públicos e ao artigo 177 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 14 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobar e aplicar á contratación laboral na modalidade de obra ou servizo como parte íntegra do expediente e do contrato que se formalice, as seguintes bases da convocatoria que rexerán a selección por concurso de DOUS/DÚAS SOCORRISTAS PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E SALVAMENTO NAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MESÍA.

"BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS SOCORRISTAS PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E SALVAMENTO NAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MESÍA

BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado, de acordo co artigo 15.1.c) do Estatuto dos Traballadores, e cunha duración estimada dende o 24 de xuño ao 3 de setembro de 2017, de DOUS/DÚAS SOCORRISTAS para a realización do servizo de VIXILANCIA E SALVAMENTO NAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MESÍA.

BASE SEGUNDA. RETRIBUCIÓN E FINANCIACIÓN.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15049C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2017/G003/000046

A contía das retribucións será imputable ás aplicacións orzamentarias 341.13100, 341.16000 e 341.23300 do orzamento de gastos de 2017. A retribución mensual bruta será de 1.215,64 euros.

### BASE TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO/A TRABALLADOR/A.

Os/As aspirantes seleccionados/as no presente proceso selectivo incorporaranse ao concello, dándose de alta na seguridade social e demais requisitos legais, ata a finalización do servizo tendo unha duración estimada dende o 24 de xuño ao 3 de setembro de 2017.

A xornada laboral será de corenta horas semanais, en horario de mañá e tarde, de luns a domingo, cos descansos regulamentarios, polo cal o/a traballador/a terá dispoñibilidade horaria plena.

O persoal contratado estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista para a función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas).

### BASE CUARTA. PUBLICIDADE.

As presentes bases daráselles publicidade nun diario dos de maior difusión da provincia e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello. Igualmente facilitarase copia delas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello.

Os resultados das probas, a efectos de notificación dos/as interesados/as, así como as citacións e emprazamentos, levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios do concello.

### BASE QUINTA. REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS.

1. Ser español e maior de 18 anos, con idade non superior á xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da UE, así como os/as estranxeiros/as residentes en España.
2. Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar incurso/a en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
3. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
4. Posuír o certificado de estudos básicos.



## CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15049C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2017/G003/000046

5. Estar en posesión da titulación de socorrista en salvamento e primeiros auxilios, expedida pola Federación de Salvamento e Socorrismo e/ou pola Cruz Vermella.
6. Ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

Os requisitos para concorrer están referidos ao último día de presentación de instancias.

Os/as interesados/as que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, ou do contrario quedarán automaticamente eliminados/as, unha vez comprobada a documentación na súa fase de acreditación.

### BASE SEXTA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Os/as interesados/as deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Mesía, no prazo de oito días naturais contados dende a publicación da presente convocatoria nun diario dos de maior difusión da provincia, a seguinte documentación:

- Solicitud de participación anexa ás bases segundo o Anexo II.
- Copia compulsada de DNI.
- Copia compulsada das titulacións esixidas.
- Copia compulsada da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

A presentación da documentación poderá facerse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Non obstante, e dada a urxencia da contratación, os/as aspirantes que presentasen a documentación noutros lugares que non fose o Rexistro do Concello deberán remitir un fax, ao número 981 687 069, dando aviso da presentación de instancia. Se non o fixeran así non se terán en conta as solicitudes que cheguen ao concello con posterioridade ao prazo previsto nestas bases para a aprobación provisional da lista de admitidos/as e excluídos/as.

En todo caso non se terán en conta as solicitudes que cheguen ao concello máis alá dos sete días naturais dende o prazo de remate de presentación de solicitudes.

### BASE SÉTIMA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase nun prazo non superior a 3 días hábiles unha relación de aspirantes para cada posto especificando o cumprimento dos requisitos expostos na base quinta.

Os/as aspirantes terán un prazo non superior a 3 días hábiles para a subsanación de deficiencias,



## CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15049C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2017/G003/000046

dende a publicación no taboleiro de anuncios.

Nun prazo non superior a 3 días hábiles dende a terminación do prazo anterior ou no caso de non necesidade de subsanación, dende a publicación da relación de aspirantes publicarase a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo que será publicada no taboleiro de anuncios do concello.

Na mesma resolución emprazarase aos/ás aspirantes admitidos/as para a realización do exame. Aquelas persoas que superen o dito exame serán convocadas para a realización da entrevista sinalada na base novena.

### BASE OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

A selección dos/as aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Elena Roca Moro, técnico deportivo do Concello de Mesía ou persoa que a substitúa.

Secretario, con voz e voto: Eladio Bendaña Pardo, secretario do Concello de Mesía ou persoa que o substitúa.

Vogais: Inés Sánchez del Río, funcionaria do Concello de Mesía ou persoa que a substitúa.

Carmen Blanco Villares, funcionaria do Concello de Mesía ou persoa que a substitúa.

M.<sup>a</sup> José Sesmonde Quinteiro, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Mesía ou suplente que a substitúa.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación dos asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

### BASE NOVENA. SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección efectuarase polo sistema de oposición e entrevista persoal.

a) Fase oposición. Puntuación máxima: 10 puntos. Puntuación mínima requirida: 5 puntos.

Realización dun exame tipo test sobre materias relacionadas coas tarefas a desenvolver (ver anexo I). Esta proba escrita será un test de 25 preguntas e valorarase de 0 a 10 puntos debendo obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 0,40



## CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15049C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2017/G003/000046

puntos e cada pregunta fallada descontará 0,20 puntos.

b) Entrevista persoal: 2 puntos. Versará sobre as tarefas a desenvolver, e estará dirixida a apreciar a adecuación entre o aspirante e o perfil do posto de traballo a ocupar

### BASE DÉCIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

O tribunal propondrá o nomeamento dos/das aspirantes que obtiveran a maior puntuación no conxunto das fases obxecto do proceso selectivo.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

De producirse algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados/as aqueles/as aspirantes que houberen superado estas probas por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

### BASE UNDÉCIMA.- RECURSOS.

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Taboleiro de Anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa. Asemade poderá interpoñer, de conformidade co preceptuado na Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo no xornal. O recurso de reposición deberao resolver e notificar o concello no prazo dun mes. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que recaera resolución en prazo entenderase desestimado e quedará aberta a vía contencioso-administrativa.

### BASE DUODÉCIMA.- ANEXOS

#### ANEXO I. TEMARIO

1. Natación
2. Socorrismo acuático



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15049C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2017/G003/000046

O Socorrismo acuático: unha técnica operativa.  
Síndrome de inmersión.  
Soporte vital básico.  
Lesións específicas no medio acuático e no seu entorno.  
Aspectos preventivos da inmersión.  
Fases do salvamento acuático.  
Aptitude psico - fisiolóxica do socorrista acuático.  
Socorrismo acuático e sociedade.  
Prevención de accidentes acuáticos.  
Aspectos ético - legais do socorrismo acuático.  
Materiais de salvamento.  
O lugar de traballo.  
O botiquín

### 3. Primeiros auxilios

Saúde e socorrismo.  
O corpo humano.  
RCP.  
Feridas e contusións.  
Hemorraxias. Soc. Hipovolemico.  
Outras situacións de urxencia.  
Prácticas de hemorraxias. Torniquete. Posicións.  
Traumatismo columna/articulacións, politraumatismo.  
Inmovilización e traslado de accidentados.

### 4.A auga e o seu tratamento

## ANEXO II

## MODELO DE SOLICITUDE.



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15049C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2017/G003/000046

D./D.<sup>a</sup>....., con DNI n.º ....., e domicilio, aos efectos de notificación, en ....., código postal ....., concello ....., provincia ..... teléfono .....

EXPÓN: Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de DOUS/DÚAS SOCORRISTAS para a realización do servizo de VIXILANCIA E SALVAMENTO NAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MESÍA mediante contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía de 9 de maio do actual.

Para tal efecto fai CONSTAR:

- 1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta da convocatoria.
- 2º.-Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 3º.- Que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude.
- 4º. - Que achega coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación.

SOLICITA:

Ser admitido/a para participar no referido proceso selectivo.

Documentación que achega:

Copia compulsada do DNI.

Copia compulsada do título de estudos e do título de socorrista.

Copia compulsada da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

Outra documentación: \_\_\_\_\_

Mesía, ..... de ..... de 2017

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MESÍA"

SEGUNDO. Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 341.13100, 341.16000 e 341.23300 do vixente orzamento municipal.



## CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2017/G003/000046

TERCEIRO. Aprobar e aplicar a oposición como forma de selección, procedendo a publicación da convocatoria nun diario dos de maior difusión na provincia e da convocatoria e das bases que a rexen no Taboleiro de Edictos da Casa Consistorial.

CUARTO. Dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

En Mesía, martes 9 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente,

Mariano Iglesias Castro